



CONCELLO DA MEZQUITA

BANDO

AXUDAS ADQUISICIÓN DE VIVENDAS NO RURAL

D. Rafael Pérez Vázquez, como Alcalde-Presidente do Concello de A Mezquita, polo presente,

FAI SABER:

Que no DOG n.º 8 de 14 de xaneiro de 2025, saíu publicada Resolución de 30 de decembro de 2024 do Instituto Galego da Vivenda e Solo pola que se procede á convocatoria das axudas para **a adquisición de vivenda en concellos con poboación residente igual ou inferior a 10.000, casco histórico e vivenda protexida** (código de procedemento VI501A).

A) Axudas para vivendas con menos de 10.000 habitantes:

- **Persoas solicitantes:** As persoas que adquirisen a súa vivenda con posterioridade a 31 de outubro de 2024 con contrato privado ou escritura pública de adquisición de vivenda.

- Requisitos das persoas beneficiarias:

- Maiores de idade que, tendo menos **de 36 anos** na data da solicitude, ou de formalización do contrato, posúan a nacionalidade española ou dalgún dos Estados membros da UE, no caso de ser estranxeiras, ter a residencia legal en España.
- Que os ingresos anuais das persoas que componen a unidade de convivencia sexan iguais ou inferiores a **tres veces o IPREM**. Este pode ser de catro ou cinco veces o IPREM para familias numerosas ou con persoas con discapacidade.
- Que a vivenda estea localizada nin concello pertencente ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia de menos de **10.000 habitantes**.
- Que o **prezo de adquisición** da vivenda, incluídos os seus anexos, sen os gastos e tributos inherentes a ela, sexa igual ou inferior a **cento vinte mil euros**.
- Que se trate dunha vivenda **xa construída**.
- Que a persoa solicitante e as demais persoas da unidade de convivencia estean **empadroadas na vivenda** adquirida momento da presentación da solicitude e non sexan titulares doutra vivenda.

- **Contía:** A contía da axuda para a adquisición será de ata **10.800 euros** por vivenda, co límite do 20% do prezo da vivenda, sen incluír os gastos e tributos inherentes a esa adquisición.

- **Prazo de presentación de solicitudes:** Comezará o 27 de xaneiro de 2025 e rematará o 15 de outubro de 2025 ata que o crédito esgotese.

Enlace (DOG páxina 3311) : https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia/mostrarContenido.do?ruta=/2025/20250114/Secciones1_gl.html&paginaCompleta=false&fecha=14/01/2025&compMenu=10102

En A Mezquita, a 20 de xaneiro de 2025.
O ALCALDE,
(documento asinado dixitalmente na marxe)
Asdo: Rafael Pérez Vázquez

